

## I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “MONDARIZ-BALNEARIO NO FOCO”

O Concello de Mondariz-Balneario convoca o 1º concurso fotográfico “Mondariz-Balneario no foco”, cuxo obxectivo principal é o de resaltar calquera ámbito da nosa Vila, así como fomentar a afición á fotografía.

### BASES REGULADORAS DO CONCURSO

- 1. PARTICIPACIÓN:** Poderán concursar todas aquelas persoas maiores de idade, sexan fotógrafos/as profesionais ou afeccionados/as, salvo aquelas que formen parte do xurado, e que presenten obra propia e orixinal para este certame, feito que xustificarán mediante unha declaración responsable de xeito que o Concello de Mondariz-Balneario quedará eximido de calquera responsabilidade que poidera xurdir en relación á propiedade intelectual das imaxes, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procederan así como as indemnizacións correspondentes.
- 2. TEMA:** O tema escollido é o termo municipal de Mondariz-Balneario os seus lugares e espazos, edificios e infraestruturas así como todos aqueles aspectos que reflectan a vida da Vila.
- 3. PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS:** As fotografías deberán presentarse ao I Concurso fotográfico “Mondariz-Balneario no foco” exclusivamente en formato dixital, nun arquivo nomeado cun pseudónimo. Acompañarase dito arquivo fotográfico cun documento (pdf) de inscrición conforme ao ANEXO I, cuxo título será tamén o antedito pseudónimo. As fotografías participantes e a inscrición asinada remitiranse ao enderezo de correo electrónico: [mondarizbalneario.rbgalicia@eidolocal.es](mailto:mondarizbalneario.rbgalicia@eidolocal.es).

As persoas participantes recibirán resposta ao seu enderezo de correo electrónico confirmando a recepción da proposta.

As fotografías deberán presentarse en formato JPG, espazo de cor sRGB, cunha medida máxima de arquivo de 5Mb por fotografía e unhas dimensións máximas de 2400 píxeles polo lado máis longo; e resolución de 240 ppp. Rexeitaranse automaticamente as imaxes que superren estes parámetros e dimensións.

Non se admitirán marcas de auga, ribetes ou outras formas de enmarcado da imaxe.

As imaxes deberán ter un único título, non sendo admitidas frases como “Sen título” ou nomes de arquivos fotográficos.

Cada autor poderá presentar un máximo de tres fotografías, que deberán ser orixinais e inéditas e non ter sido premiadas noutros concursos previos a este.

- 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN:** O prazo de presentación comeza dende o día seguinte á publicación destas Bases na [www.mondarizbalneario.gal](http://www.mondarizbalneario.gal) e a data límite de recepción das obras será o xoves, día 10 de Novembro de 2024 ás 23.59 horas.
- 5. XURADO:** O xurado estará composto polo Alcalde de Mondariz-Balneario, que o presidirá, membros da corporación, entidades asociativas e representantes do comercio local. Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados, dos que previamente

haberase separado a ficha de inscrición para garantir a non identificación da autoría durante a deliberación. A súa decisión será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros. Poderá declararse deserto algún premio ou todos eles. O xurado do certame terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade.

- 6. FALLO:** O veredicto publicarase o venres, día 15 de novembro de 2024, comunicándose a cada unha das persoas premiadas por teléfono e no enderezo electrónico facilitado, e publicarase na páxina web municipal, nas RRSS (Facebook e Instagram) e no taboleiro de anuncios do Concello. Se no prazo de 3 días hábiles non fora posible contactar con algunha das persoas gañadoras, entenderase que renuncia ao premio e procederase a contactar coa seguinte persoa participante na orde de valoración do xurado.

A organización non se fai responsable das perdas ou deterioracións que se poidan producir nos arquivos, os cales serán tratados de forma adecuada.

- 7. PREMIOS:** Os premios ás tres mellores fotografías presentadas, entregaranse durante o desenvolvemento dos actos de conmemoración do cen aniversario da municipalidade de Mondariz-Balneario que terán lugar o sábado 30 de novembro, Ningún autor/a poderá recibir máis dun premio e toda obra que non cumpra cos requisitos indicados será automaticamente descualificada.

Estableceranse os seguintes premios:

- Primeiro premio: Bono de 150€ para gastar no comercio local e entrega dunha reprodución da respectiva foto presentada e premiada.
- Segundo premio: Bono de 100€ para gastar no comercio local e entrega dunha reprodución da respectiva foto presentada e premiada.
- Terceiro premio: Bono de 50€ para gastar no comercio local e entrega dunha reprodución da respectiva foto presentada e premiada.

De entre as restantes fotografías participantes no concurso, seleccionaranse outras dez que farán parte, xunto coas tres fotografías gañadoras, dunh calendario que editará o Concello de Mondariz-Balneario. Ás persoas autoras das mesmas regalaráselles tamén a súa foto reproducida.

## PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais,, as persoas participantes prestan o seu consentimento, de acordo coas bases deste concurso, para o tratamento dos seus datos personais facilitados, que serán incorporados nun ficheiro de titularidade do Concello de Mondariz-Balneario. Os datos das persoas participantes serán utilizados unicamente coa finalidade de xestionar a súa participación no presente concurso, e para poder contactar coas mesmas co fin de transmitirllas o fallo do xurado. Infórmase e garantízase ás persoas participantes que os seus datos personais non serán cedidos en ningún caso a terceiras persoas con outros fins diferentes a esta promoción. As persoas participantes outorgan o seu consentimento a estes efectos. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Mondariz-Balneario, de acordo co previsto no Título III do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.. As persoas gañadoras do concurso prestan o seu consentimento ao Concello de

Mondariz-Balneario para a comunicación dos seus datos personais a terceiros ou a súa publicación telemática ou en papel, para os efectos de maior difusión.

## **DEREITO SOBRE AS FOTOGRAFÍAS**

As fotografías pasarán a ser propiedade do Concello de Mondariz-Balneario, que poderá utilizalas, sen ánimo de lucro, para a promoción do Concello e das súas actividades.

## **OBSERVACIÓNS**

A mera participación neste concurso implica a total aceptación das súas Bases reguladoras, reservándose o Concello de Mondariz-Balneario a facultade de resolver calquera aspecto non previsto na redacción das mesmas. O Concello de Mondariz-Balneario exímese de calquera responsabilidade que pudiera derivarse da infracción das presentes bases. A persoa participante manifesta e garante que é a única autora das fotografías que presenta ao concurso. Así mesmo, será responsabilidade dela recabar a autorización das persoas que puideran aparecer en cada fotografía, de conformidade coa Lei orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe, salvo que dita fotografía fora tomada nun sitio público e na forma legalmente establecida, asumindo toda reclamación por dereitos de imaxe. Serán excluídas automaticamente deste concurso aquelas fotografías nas que aparezan menores de idade recoñecibles. Ademais, o/a autor/a será a única persoa responsable legal ante calquera controversia que puidera surxir por incumprimento da Lei respecto dos dereitos de autor polo uso de imaxes preexistentes. Toda obra que non cumpla os requisitos establecidos nestas bases quedará automaticamente fóra de concurso.